



## CON MÁIS DETALLE

### 1º PASO

Localiza no teu concello á persoa Responsable Municipal de RedeXiana2 e solicita unha entrevista con el/a.

[Ver [Directorio de Responsables Municipais](#) na web [www.redexiana2.eu](http://www.redexiana2.eu)]



Realizaras esta 1ª entrevista onde se te informara dos requisitos básicos para acceder ao proxecto e as áreas de actividade e sectores preferentes de formación.

Tamén da posibilidade do dereito á bolsa económica de fomento da formación e aptitude para o emprego articulada no proxecto. Citarache para unha 2ª entrevista si o proxecto se adapta as túas necesidades e cumpres os requisitos de acceso.

### 2º PASO

Prepara toda a documentación inicial solicitada pola persoa responsable municipal RedeXiana2 e entregar os orixinais e as copias segundo corresponda no prazo requirido, sen ela nos se tramitará a túa solicitude. Recorda que debes estar en situación de desemprego na data na que solicites participar.

### 3er PASO

Participar na 2ª entrevista onde analizarás co/ca responsable municipal o deseño do teu itinerario formativo e participa coas túas propostas na planificación do mesmo.

Tes dúas vías de entrada á formación en función dos resultados do teu diagnóstico:

1. Directa á formación específica básica ou especializada
2. E, si non tes o nivel académico ou as competencias clave necesarias, a través da fase de preformación e capacitación, que deberás superar para poder acceder á formación específica do proxecto.

[Ver [Catálogo de Accións Formativas](#) e [Itinerarios previstos](#) na web [www.redexiana2.eu](http://www.redexiana2.eu)]

Asina o acordo de participación no itinerario formativo e recibe información acerca da documentación que vai ser necesaria para que sexas receptor/a da bolsa do proxecto.

Rematado o proceso de selección, as persoas seleccionadas recibiredes unha comunicación (vía correo-e, teléfono e/ ou correo postal).

O/a responsable municipal do teu concello chamará as persoas seleccionadas para comunicarlles a data de inicio dos cursos Poderás consultar no teu concello a túa situación nos listados definitivos de alumnado (seleccionado/a - suplente)

Durante todo este proceso así como durante a túa formación teórica e práctica poderás participar en titorías de orientación, sesións de información, titorías de emprendeduría e de creación de empresa, mantemento do emprego e resolver persoalmente ou por teléfono calquera dúbida ou cambio na túa situación coa persoa Responsable RedeXiana2 no teu concello ou a través do formulario de contacto na páxina web [www.redexiana2.eu](http://www.redexiana2.eu)

Durante todo este proceso así como durante a túa formación teórica e práctica e ata seis meses unha vez rematado o teu itinerario poderás participar en **titorías individuais de orientación, sesións colectivas de información, titorías de emprendeduría e de creación de empresa, titorías de mantemento do emprego** e resolver persoalmente ou por teléfono calquera dúbida ou cambio na túa situación coa persoa Responsable RedeXiana2 no teu concello ou a través do formulario de contacto na páxina web [www.redexiana2.eu](http://www.redexiana2.eu)